

Presentación Informe de avaliación

Estado das institucións *públicas e independentes* na situación actual

Institucións públicas

- As institucións públicas atopanse nun período de redución orzamentaria
- Para manterse, a Institución vese abrigada a unha progresiva redución do orzamento destinado a actividades dada a dificultade de reducir os custes fixos (mantemento, alugueres, salarios..)
- O grao de contracción orzamentaria é tan grande que nalgúns ocasións as institucións producen os seus contidos de xeito gratuito precarizando aos axentes culturais.
- Seguindo este esquema pódese prever un suposto no cal as institucións non teñan ningún orzamento para actividades e só contén co orzamento mínimo necesario para os seus gastos fixos.
- Neste suposto producirase unha perda de función das Institucións seguida dunha perda do seu respaldo social.
- Neste intre o nulo custo político da súa desaparición permitirá o seu peche con enorme facilidade.

Institucións independentes

- En Galicia xurden un enorme número de institucións independentes de alto interese, trátase polo tanto dun territorio fértil.
- As iniciativas galegas desaparecen con enorme rapidez, existe pois un altísimo índice de mortalidade.
- Polo tanto, pese o enorme interese e potencialidade das súas propostas, en moi poucas ocasións acadan un suficiente grao de madurez.
- Na situación de contracción orzamentaria actual e de precarización dos axentes culturais este grao de mortalidade tenderá a aumentar.
- As institucións independentes afrontan de xeito continuo e constante a necesidade de establecer estratexias de supervivencia para non desaparecer.
- Nun contexto no que as institucións públicas afrontan por primeira vez en moitos anos a necesidade de dotarse de estratexias de supervivencia, as institucións independentes teñen moito que aportar.
- O marco que se propoñe pretende establecer sinerxias en termos nos que as institucións públicas non fagociten ás institucións independentes.

Avaliación según obxectivos

1) Reunir a un conxunto representativo de *Institucións Independentes* e *Institucións Públicas* co fin de promover un espazo para as novas formas de institucionalidade en Galicia, tomando como referente o traballo da *Fundación de los Comunes*.

Este obxectivo considerámolo amplamente cumprido coa parrticipación e á resposta enormemente positiva de 21 das 24 institucións convidadas.

- **O formato escollido** facilitou un excelente ambiente de traballo na reunión, pero **obrigou a limitar a asistencia**. Algunhas institucións independentes que expresaron o seu interese en participar non puideron facelo, entre elas Universidade Cromática e Central Folque.

- Algunhas institucións amosaron **dificultades para comprender os procesos de delegación e representación**. A raíz da invitación a participar na xornadas de traballo detectáronse entre outras situacións como as seguintes.

Persoas que interpretan a invitación, asisten ou participan na reunión a título persoal e non como representantes da institución invitada (Cuestión que se detecta claramente nalgún dos comentarios de Juan Carlos Mena recollidos nas actas). Respeco a este punto tamén é necesario salientar que existen institucións que non participan dos procesos representativos como Universodade Invisible para as cales o formato escollido de reunión é problemático.

Institucións que están xestionadas de forma vertical de tal xeito que non estando dispoñible a persoa no cargo de dirección son incapaces de delegar noutra persoa como por exemplo o Marco de Vigo. Esta situación parece particularmente vinculada a una cuestión de xenero xa que todas as institucións dirixidas por mulleres foro capaces de delegar e ningunha das institucións dirixidas por homes o fixo.

Institucións que teñen problemas de xestión e organización. Nas institucións Públicas dirixidas de forma vertical, todos os procesos de decisión pasan por unha soa persoa e, en ocasións, como por exemplo Agadic, son incapaces de respostar á invitación e confirmar ou descartar a súa participación na sesión de traballo, demostrando un importante grao de colapso institucional. Por outra banda hai insitucións independentes nas que as condicións de produción e de sobrecarga de traballo impediron a súa participación (O Liceo Mutante cancelou a súa participación no mesmo día da sesión de traballo por un problema eléctrico).

- Algunhas Institucións amosaron **medo a os procesos de apertura** e que interpretan ditos procesos en termos de ameaza e non de oportunidade, como por exemplo o Auditorio de Galicia que, ante a invitación, resposta que se comeza a colaborar con algúns colectivos e lles abre as portas da súa institución a continuación se vería obrigado a facer o mesmo con todos os demais colectivos.

2) Presentar un conxunto determinado de acordos que, baixo un marco estricto de condicións, favorezan relacións de permeabilidade, horizontalidade e sinerxia entre institucións de distinta natureza.

Este obxectivo considerámolo cumprido coa presentación de 10 propostas deseñadas especificamente para as institucións que participaron.

- Unicamente dúas persoas alleas a equipa de coordinación participaron na elaboración de propostas, Julio Gómez por parte de Sinsal e Claudia Delso da Casa Tomada. Aínda que os documentos de traballo abríronse ás Institucións Independentes o proceso de preparación previa resultou, en xeral, pouco participativo. O modelo de traballo escollido, encerrona para as Institucións Públicas e proceso aberto para as Institucións Independentes, non incidiu tanto na cuestión participativa como en xerar unha situación na que as institucións Independentes chegasen á reunión con certo grao de vantaxe respecto ás Institucións Públicas.

- O plantexamento anaeconómico da maioría das propostas probocou un pequeno debate sobre o procesos de autoprecarización e as relacións de poder entre institucións de distinto tamaño. Por outra banda un marco absolutamente anaeconómico resultou inviable xa que algunhas propostas presentadas requerían dunha inversión inicial e, en todo caso, as Institucións Públicas interpretan a adicación de tempo ou presoal en termos económicos.

Propostas

1. Que os alumnos de *Historia da Arte Contemporánea* fagan un traballo académico sobre o traballo artístico dos alumnos da *Facultade de Belas Artes* de Pontevedra e que o CGAC organice unhas xornadas que permitan a presentación pública de devanditos traballos.

2. Que a *Cidade da Cultura de Galicia* promova e difunda as actividades das distintas institucións culturais galegas mediante a creación dun espazo na súa páxina web que, baixo o título de *Interinstitucionalidade*, recolla unha selección de actividades que previamente sexan comunicadas por correo electrónico ao departamento de comunicación da *Cidade da Cultura de Galicia*.

4. Que o *Museo de Arte Contemporánea Gas Natural Fenosa* realice no espazo dun contexto creativo unha divulgación mediada(en linguaxe non técnica e accesible a todos os públicos) de todas as súas convocatorias.

5. Creación dun Banco de Tempo para o intercambio directo de servizos entre institucións culturais.

6. Transcrición audiovisual da produción de pensamento contemporáneo feita en Galicia para a súa divulgación a través de *Galiza Ano Cero*.

7. Creación dun observatorio que sen carácter vinculante revise e informe sobre a adecuación no uso que as institucións culturais fan da linguaxe contemporánea específica.

8. Que a Asociación galega de profesionais da xestión cultural oferte formación profesional en xestión cultural para Institucións independentes.

9. Creación dun **arquivo online coas actividades que realizan as institucións mensualmente; concertos, conferencias, podcast, etc.**

10. Fomento de residencias artísticas interinstitucionais para creadorxs independentes de todas disciplinas artísticas e de pensamento contemporáneo

11. Dotar de forma e visibilidade a acordos xa existentes seguindo o modelo das demais propostas.

3) Acadar unha resposta das institucións acerca da súa vontade de artellar e levar a cabo os acordos que lles sexan propostos.

Este obxectivo considerámolo amplamente cumprido, de feito e do que facemos unha valoración mais positiva. Todas as propostas presentadas foron valoradas positivamente, a sesión de traballo desenvolveuse nun ambiente enormemente cordial, o debate foi moi interesante e a atitude das distintas institucións abarcou dende o interese explicto ao entusiasmo.

- A análise que facemos deste obxectivo está mais relacionada con obxectivos implícitos da proposta, como xerar un espazo de interinstitucionalidade en Galicia que coa posibilidade real de levar a cabo as propostas. A atitude coa que as institucións enfrontaronse as propostas valorouse en termos de capacidade de diálogo e debate, de relacionarse cordialmente e sen facer un exercicio de poder con institucións de natureza diferente. É neste sentido no que interpretamos tan positivamente o grao de cumprimento do obxectivo, o modelo de traballo escollido, acadou un enorme éxito na anulación das relacións de poder entre as Institucións, no establecemento dun debate absolutamente horizontal e na creación dun ambiente seguro para as Institucións Independentes. Por exemplo Claudia Delso da Casa Tomada, que neses intreos estaba apunto de comezar un proceso de diálogo con outras institucións, agradeceu enormemente a sesión de traballo como unha oportunidade para facelo nunhas condicións favorables para a Institución á que representaba.

Manifestacións de vontade

Alg-a (Manuel Cebal)

- Amona interese pola proposta do *Observatorio Galego da Linguaxe Contemporánea* (proposta N° 7), especialmente no que se refire a cuestións tecnolóxicas e particularmente respecto dos conflitos no usos das licencias alleas ao *copyright*.
- Expón o seu interese por participar na *Rede Galega de Residencias para á Creación* (proposta N° 10).
- Apunta á importancia de protocolizar programas comúns e de traballar en rede, de ser rede fronte a ser un axentes illados.
- Por último expresa interese pola fórmula da *Fundación de los Comunes*, despois do cal se lle suxire á *Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural* que consideren a posibilidade de incluír cuestións relativas ás distintas fórmulas para constituírse en personalidade xurídica colectiva nos seus programas de formación.

Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural - Sinsal Audio (Julio Gómez)

- Amosa que sería positivo ofrecer *formación profesional en xestión cultural para institucións independentes* dende a asociación (proposta N° 8), pero que é necesario coñecer as necesidades que estas institucións teñen.
- Apunta que debería haber socios, particularmente persoal técnico de cultura dos concellos, que poderían cubrir ditas necesidades, pero que a súa vez, a asociación te unha importante demanda de cursos de formación para os socios e socias, debido as súas carencias.
- Sinala a importancia de coñecer o novo marco de axudas europeas para o período 2015 - 2020.
- Por último, en relación a asociación, expresa a necesidade de que o persoal técnico de cultura dos concellos traballe en rede.
- A continuación, por parte de *Sinsal*, amosa interese en traballar con *Ergosfera* e a *Fundación Luís Seoane* no marco do *Banco de Tempo Interinsitucional* (proposta N° 5)
- Expresa o seu descoñecemento acerca de como xestionar o *Banco de Tempo Interinsitucional*.
- Reclama que se inclúan mais institucións da zona sur de Galicia.

Baleiro (Daniel López)

- Explica que formalizar os acordos que *Baleiro* ten coa *Universidade de Santiago de Compostela* (proposta N° 11) resultaría positivo xa que os usuarios e usuarias do espazo teñen dúbidas ao respecto das condicións de uso.
- Ademais expresa que o marco de *Interinstitucionalidade* proposto é un marco positivo.
- Expón o seu interese por participar no *Observatorio Galego da Linguaxe Contemporánea* (proposta N° 7) e comenta que podería dárselle forma de *repositorio web* ou de *wiki*.

Casa Tomada (Claudia Delso)

- Explica que a *Casa Tomada* ten un funcionamento asembleario polo que o único compromiso que pode adquirir é o de trasladar as propostas a asemblea.
- Comenta que o cambio de rol das institucións públicas que supón a *Divulgación Interinsitucional de convocatorias en linguaxe accesible* (proposta N° 4), o desprazamento da institución *pública* á institución *independente*, é unha interesante estratexia e cambio na forma de facer. Ademais invita a outras institucións a seguir o exemplo.
- Expón o interese da *Casa Tomada*, particularmente da *Comisión de Artes Escénicas* por fomentar as residencias e poñer en valor o proceso creativo, abrilo ao público aos e as artistas. Neste contexto expresa a necesidade de aproveitar e coordinar esforzos comúns en relación á *Rede Galega de Residencias para á Creación* (proposta N° 10).

- Por último amosa o seu interese por participar nas proposta de *Formación profesional en xestión cultural para institucións independentes* (proposta N° 8), do *Banco de Tempo Interinsitucional* (proposta N° 5) e da *Mediateca Interinstitucional* (proposta N° 9).
- A modo de apuntamento Claudia Delso comenta que tamén forma parte de *DANESGA* e que dita asociación atopa unha enorme carencia de espazos tanto para ensaiar como para amosar novas producións de danza. Neste sentido expresa que *DANESGA* pode estar interesada tanto nos acordos relativos á creación e fomento de residencias (proposta N° 10), como de cesión de espazos.

Cidade da Cultura (María Pereira)

- Amosa interese pola Promoción e difusión Interinstitucional (proposta N° 2), pero subliña que dita proposta compromete ao Departamento de Comunicación da Cidade da Cultura de Galicia e que polo tanto será necesario trasladala ao Padroado e posiblemente adicar algún presuposto á mesma.
- Por outra banda expón que a Cidade da Cultura de Galicia dispón de espazos como salas de reunións, aulas e auditorios e que estarían dispostos a participar en acordos de cesión de espazos.

CGAC (Miguel Von Hafe)

- Expón que o *Fluxo Académico Interinstitucional* (proposta N° 1) parece unha proposta relativamente sinxela de desenvolver e que xa asinaron previamente convenios coa *Universidade de Santiago de Compostela*.
- Explica que o *CGAC* ten unha capacidade de xerar discursividade crítica deficitaria a nivel interno, que é o propio Director quen desenvolve dito traballo e que a institución non conta, nin sequera, cun departamento de prensa propio. A isto engade que unha das labores pendentes da institución é facer un estudo da súa propia colección.
- Propón reorientar a proposta do *Fluxo Académico Interinstitucional* cara ao alumnado egregado, ex-alumnos e ex-alumnas que aínda non se atopan no mercado laboral pero que xa estean fora das facultades, pero explica que, en calquera caso, non poderían pagarlles, que o único retorno que poden ofrecer é certa visibilidade.
- Expón que, como institución, séntense interrogados acerca das razóns polas que teñen dificultades para relacionarse coa contorna e apunta que o último que desexa o *CGAC* é aproveitarse da situación actual de precariedade dos axentes culturais galegos.
- Apunta que na actualidade teñen algúns acordos de colaboración cons institucións independentes do ámbito da música.
- Explica que unha das maiores dificultades que aborda o *CGAC* é a ausencia dun horizonte temporal a longo ou medio prazo, xa que os seus presupostos son aprobados de ano en ano. Ademais indica que o presuposto de actividades da institución foi recortado un 43% no ano 2012. Por esta razón os expón que os acordos que requiran unicamente recursos loxísticos serán factibles para o *CGAC*, pero aqueles que requiran recursos económicos resultarán enormemente difíciles de desenvolver.
- Por último apunta que como Director é receptivo a calquera tipo de proposta e que sempre aceptou unha entrevista cando lle foi solicitada.

Ergosfera (Iago Carro y Cristina Canto)

- Explican que lles parece moi interesante o concepto de *interinstitucionalidade* como forma de facer. Ademais valoran positivamente adicarlle un espazo nas webs de tódolas institucións presentes, como lugar de recoñecemento, como espazo *in between* que posibilite encontrarse sen esquecer as particularidades de cada institución.
- Indican que hai moitos outros grupos e colectivos que non están presentes na reunión e que poderían ampliar a lista de participantes que traballan os temas urbanos dende unha perspectiva crítica: *Hábitat Social*, *Flu-or*, *Tecnoloxía/s Apropriada/s*, *pescadería20*, *Tankollectif*, *Dexéneroconstrucción*, etc.
- Expoñen que como colectivo afrontan a problemática de estar sempre nun espazo intermedio, dentro e fora do ámbito da arquitectura/urbanismo, dentro e fora do ámbito da arte, e dentro e fora do ámbito da investigación, e que esta situación provoca certa falta de recoñecemento mútuo con moitos sectores da produción cultural e científica.
- Explican como o seu interese polo territorio ponlles en relación con todo e nada á vez, e ademais apunta que dito interese provoca un radical encontro coa institución, particularmente no caso das administracións públicas, que chocan enormemente cos seus plantexamentos pois o territorio, o urbanismo, é a pedra angular de moitas das políticas públicas a todos os niveis..
- En relación ao Banco de Tempo Interinsitucional (proposta Nº 5), expoñen que será necesario elaborar un catálogo dos recursos que poden compartir e que probablemente necesiten algo de axuda á hora de establecer como xestionalo.
- Por último, apuntan que sería interesante analizar o xurdimento de iniciativas culturais independentes nas periferias de Galicia e poñelo en relación ás políticas de ordenación do territorio que se levan a cabo.

Facultade de Belas Artes (Juan Carlos Meana)

- Amosa unha absoluta predisposición para levar acabo acordos, pero explica que como institución son pouco áxiles, que teñen limitacións estruturais e que en moitas ocasións requiren facer trámites enormemente burocráticos
- Expón que en todo caso a principal función da *Facultade de Belas Artes* é a de ser un lugar de formación unha academia.
- Engade que afrontan unhas limitación económicas enormes e ofrece como exemplo o presuposto do *Mestrado en Arte Contemporánea* que dispón dun orzamento total de 2000,00 €.
- En relación ao Fluxo académico Interinstitucional (proposta Nº 1), apunta a necesidade de matizar a relación entre os participantes, invertela ou corrixila, para asegurarse de que é unha relación de horizontalidade. Por último valora positivamente á proposta do CGAC de orientala ao alumnado egregado.

Fundación Luís Seoane (Silvia Longueira)

- Amosa interese pola proposta da *Mediateca Interinstitucional* (proposta Nº 9), pero expón que pode supoñer algúns custes. En todo caso comprométese a intentar levala a cabo.
- Explica que os custes de comunicación son enormes para as institucións públicas e que é necesario aproveitar novos canais de comunicación xa que a comunicación convencional está morta.
- Expón o seu interese polo modelo de traballo proposto como modelo institucionalizado, produtivo e que da cabida a outras formas de facer.
- Apunta a vantaxe de pertencer a un sector destruído ao que ninguén mira, o que permite ter unha enorme liberdade.
- Por outra banda expón que a *Fundación Luís Seoane* tamén dispón de espazos que poden ceder de xeito gratuíto a colectivos e proxectos de carácter cultural.
- Finalmente ofrece o seu compromiso persoal para tratar de levar acabo os acordos propostos e fomentar a *Interinstitucionalidade*.

Galiza Ano Cero (Iago Martínez)

- Explica que a forma de organización de *Galiza Ano 0* está baseada no conflito e que o espazo de *Interinstitucionalidade* é interesante pero non debe servir para diluír os conflitos.
- Amosa interese pola *transcrición audiovisual do pensamento contemporáneo galego* (proposta Nº 6), pero apunta que será necesario medir os esforzos para que resulte igual de gravoso para todas as partes. En todo caso expón que non cree que se produza un conflito de cesión ou produción de contidos e que de feito as dúas institucións implicadas xa pensaban colaborar na liña do que se propón.
- En relación á *Mediateca Interinstitucional* (proposta Nº 9), expón que o espazo ideal para albergar os contidos publicados é *Adtlántida TV*.
- Por outra banda explica que *Galiza Ano 0* proponse producir un programa de entrevistas e de debate político e que desexan ser, en certo modo, unha televisión comunitaria que, no futuro, dea forma, produza e incluso financie propostas da comunidade.
- En relación ao último punto explica que para a realización de debates abertos ao público necesitan espazos que sirvan de plató.

MAC (María Ozámiz)

- A modo de apuntamento María Ozámiz comenta que leva traballando como encargada de actividades culturais do *Museo de Arte Contemporáneo Gas Natural Fenosa* unicamente 1 semana, que polo tanto debe ser prudente e só pode expresar a súa vontade de trasladar as propostas ao museo.
- En relación á *Divulgación Interinsitucional de convocatorias en linguaxe accesible* (proposta Nº 4), apunta que levara e presentará a proposta pero que en todo caso a decisión corresponde ao departamento de comunicación. Ademais amosa particular interese pola *Mediateca Interinstitucional* (proposta Nº 9).
- Finalmente expón que tamén lle parece interesante o movemento dende o público cara ao independente.

Proxecto Derriba (Lucía Castro)

- A modo de apuntamento, Lucía Castro comenta que a idea de considerar *Proxecto Derriba* como unha institución suscítalle algúns conflitos e que, en todo caso, a súa organización non ten unha estrutura baseada na representatividade, polo que falará por si mesma e non en representación de ninguén.
- Expón o seu interese por traballar en dirección contraria, no ámbito das institucións independentes e na procura de maior interacción cos movementos sociais.
- Expresa o seu interese polo *Observatorio Galego da Linguaxe Contemporánea* (proposta Nº 7) e pola *transcrición audiovisual do pensamento contemporáneo galego* (proposta Nº 6) como espazos de debate e reflexión.
- Por último expón que concepto de *Interinstitucionalidade* e o espazo adicado á mesma tamén lle suscita algunhas dúbidas.

Normal (Jose maría Mesías)

- Describe a *Normal* como un centro cultural emerxente que depende da *Universidade da Coruña* e que aposta pola arte e os artistas emerxentes.
- Explica que pese as súas limitación orzamentarias tratan de evitar a precariedade dos axentes culturais e de ofrecer oportunidades ao trabalo dos artistas.
- Expón que o centro trata de xerar contidos propios pero que tamén e están dispostos a recibir e desenvolver propostas dos axentes culturais e que teñen o seu actual orzamento garantido para un horizonte temporal aproximado de 3 anos (mentres dure a actual equipa reitoral).
- Finalmente amosa interese pola *Rede galega de residencias para á creación* (proposta Nº 10), expoñendo que a *Normal* planea ofertar residencias artísticas con certa dotación económica en breve.

4) Establecer unha data aproximada para a primeira reunión de traballo entre as institucións implicadas en cada un dos acordos propostos.

5) Que polo menos un dos acordos sexa levado a cabo con éxito, seguindo o marco de condicións establecido na proposta.